

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de xaneiro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(105).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(106).- PROPOSTA DE CESE DE TRES SUBALTERNOS NOMEADOS INTERINAMENTE CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO ANO 2008. EXPTE. 22749/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 27.01.12,

conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Subalterna que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. SUSANA M<sup>a</sup>. ORMÍGUEZ PÉREZ, DNI 36.066.297-C, nº persoal 79653, con efectos económicos e administrativos do día 31 de xaneiro de 2012.

Segundo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Subalterna que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. IRIA TERRÉ GONZÁLEZ, DNI 36.166.331-G, nº persoal 80168, con efectos económicos e administrativos do día 31 de xaneiro de 2012.

Terceiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Subalterna que actualmente ocupa a funcionaria interina, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JOSÉ JELUSICH DÍZ, DNI 36.031.327-X nº persoal 79499, con efectos económicos e administrativos do día 31 de xaneiro de 2012.

Cuarto.- Notificar o presente acordo as interesadas, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos, Técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, Xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, Xefa do Servizo/Área de Benestar Social, e, Comité de Persoal.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.